

CONVENIO DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL ENTRE A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E BOEHRINGER INGELHEIM ESPAÑA, S.A PARA A ORGANIZACIÓN DA XORNADA "BOAS PRÁCTICAS NA IMPLEMENTACIÓN DE PLANS LOCAIS DE SAÚDE".

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) asinou, o día 20.11.2023, coa compañía Boehringer Ingelheim España, S.A., o instrumento convencional arriba referido, que estará vixente desde o día seguinte ao da súa firma ata o cumprimento total das obrigacións contraídas e aceptadas polas partes, cun límite máximo de vixencia o 19 de decembro de 2023, salvo denuncia expresa de calquera das partes cunha antelación mínima de 15 días naturais á prevista para a finalización da súa vixencia ou resolución anticipada.

O convenio será prorrogable de común acordo cando as circunstancias do cumprimento do seu obxecto o aconsellen. En caso de prórroga, esta formalizarase por escrito.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A celebración dunha xornada de formación para a posta en marcha de iniciativas na área da cronicidade, centrada nas boas prácticas na implementación de Plans Locais de Saúde, dirixida a profesionais sanitarios adscritos a servizos ou unidades asistenciais das distintas Áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde e cuxo detalle achégase como anexos do convenio.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

Polo Decreto 112/2015, do 31 de xullo, creouse a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, adscrita á Consellería de Sanidade a través do Servizo Galego de Saúde. Entre os seus fins xerais e obxectivos básicos está o de elaborar, en réxime de descentralización funcional, a planificación en materia de docencia, formación, investigación, innovación e avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios, en función dos criterios e obxectivos de planificación estratéxica definidos polo Servizo Galego de Saúde e pola Consellería de Sanidade e xestionar o coñecemento no Sistema público de Saúde de Galicia.

BOEHRINGER INGELHEIM é unha compañía farmacéutica que basea a súa estratexia empresarial en potenciar os valores humanos e os avances tecnolóxicos que garantan a innovación en todas as áreas da empresa. O concepto central da súa visión corporativa é *«achegar valor a través da innovación»* que, xunto co concepto cultural corporativo de *«liderar e aprender»*, forman os piares da súa cultura corporativa. Por iso é de especial interese para esta

entidade colaborar, con carácter xeral, en actividades similares ás do obxecto deste convenio.

O convenio formalízase ao amparo do establecido no artigo 48.1. da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no que se prevé que *"As Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes..., no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que iso poida supoñer cesión da titularidade da competencia."* e, de modo específico, no artigo 25 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, no que se regulan os *"Convenios de colaboración empresarial en actividades de interese xeral"* e en cuxo apartado 1 establécese que *"Se entenderá por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral, para os efectos previstos nesta Lei, aquel por o cal as entidades a que se refire o artigo 16, a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, comprométense por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas devanditas actividades. A difusión da participación do colaborador no marco dos convenios de colaboración definidos neste artigo non constitúe unha prestación de servizos."*

Coa finalidade de avanzar na área da cronicidade, está previsto realizar unha xornada/workshop que sirva para a posta en marcha de iniciativas nas áreas sanitarias correspondentes do Servizo Galego de Saúde.

Ambas as partes están interesadas en colaborar coa finalidade de que se poida levar a cabo esta xornada e a difusión dos seus resultados. Para iso BOEHRINGER INGELHEIM está interesada en colaborar mediante o financiamento dos custos do soporte loxístico da mesma.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

